

Java SE 17 Developer

Descrición

Este curso avanzado de Java está deseñado para desenvolvedores que desexan profundar os seus coñecementos e habilidades en Java, desde os fundamentos ata as características máis complexas e avanzadas da linguaxe. Ao longo de 26 módulos, os/as participantes explorarán unha variedade de temas esenciais para o desenvolvemento profesional en Java, empezando por unha sólida comprensión da contorna e a tecnoloxía Java, ata a implementación de aplicacións modulares e o manexo da concorrencia.

Os/as estudantes aprenderán a construír programas simples en Java, traballar con tipos de datos e operadores, implementar sentenzas de decisión e bucles, e manexar arrays e ArrayLists. A medida que avance o curso, penetraranse en conceptos máis avanzados como a herdanza, as interfaces, as clases aninadas e a programación funcional con APIs de stream e operacións lambda. Ademais, o curso aborda o uso da API de E/S de Java, programación con JDBC para bases de datos, e técnicas de localización e multihilo para desenvolver aplicacións robustas e eficientes.

O material didactico e o exame de certificación están dispoñibles en inglés

Obxectivos

- Despregar e executar aplicacións Java utilizando un enfoque modularizado.
- Manipular valores numéricos, de texto, de data e hora utilizando datos primitivos e clases de Java
- Implementar a lóxica do programa utilizando variables, arrays, construcións condicionais e bucles.
- Organizar o código Java mediante clases, interfaces e enumeracións.
- Crear aplicacións que aproveiten as características da programación orientada a obxectos da linguaxe Java como a encapsulación, a herdanza e o polimorfismo.
- Implementar propagación e xestión de erros.
- Utilizar a API de Java Collections.
- Utilizar expresións Lambda.
- Procesar información mediante o API de Streams.
- Manipular arquivos, directorios e sistemas de ficheiros.
- Implementar funcionalidade de entrada/saída (E/S) para ler e escribir datos binarios e de texto.
- Utilizar a API de JDBC para o acceso a base de datos.
- Utilizar a API de Java Concurrency.
- Utilizar e definir nosas propias anotacións en Java

Dirixido a

Dirixido a profesionais de IT con experiencia previa en programación, este curso é ideal para quen busca elevar o seu nivel técnico e adaptarse ás demandas de proxectos de software complexos e de gran escala utilizando Java.

BENEFICIOS

Diploma de asistencia

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Perfil do docente

Instrutor oficial de Oracle acreditado para a impartición de Java SE Developer.

PROGRAMA

Programación 2026/27

TIPO

CURSO

MATRÍCULA

Gratuíta



Java SE 17 Developer

PERIODO INSCRIPCIÓN	01/02/2027 - 15/02/2027
PROBA DE SELECCIÓN	16/02/2027 (00:00)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	64 horas
DATA INICIO	29/03/2027
DATA FIN	16/04/2027
HORARIO	De luns a venres. Do 29/03 a 01/04: 16:00 a 21:00 horas· Resto
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	1Z0-829: Certification Exams Java SE 17 Developer
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 10 horas
TECNOLOXÍA	Java Oracle
PERIODO DOCENCIA	29/03/2027 - 16/04/2027

Temario

Módulo 1: Comprender a tecnoloxía e o contorno Java
Módulo 2: Creación dun programa Java sinxelo
Módulo 3: Sistema modular da plataforma Java
Módulo 4: Migración a unha aplicación modular
Módulo 5: Traballar con tipos de datos Java
Módulo 6: Traballar con operadores Java
Módulo 7: Uso de sentenzas de decisión
Módulo 8: Uso de sentenzas de Bucle
Módulo 9: Arrays e ArrayLists
Módulo 10: Descrición e uso de obxectos e clases
Módulo 11: Crear e utilizar métodos
Módulo 12: Aplicación da encapsulación
Módulo 13: Reutilización de Implementacións mediante Herdanza
Módulo 14: Manexo de excepcións e aserciones
Módulo 15: Clases aniñadas e enumeracións en Java
Módulo 16: Interfaces Java
Módulo 17: Interfaces funcionais incorporadas
Módulo 18: API Java Stream
Módulo 19: Operacións Lambda en Streams
Módulo 20: Fluxos paralelos
Módulo 21: Marco de Coleccións Java e Xenéricos
Módulo 22: API de E/S de Java (Fundamentos e NIO2)
Módulo 23: Aplicacións de bases de datos con JDBC
Módulo 24: Anotacións Java
Módulo 25: Localización en Java
Módulo 26: Java Concorrenza e Multifío